

# EN GALLEGO!

*Investigación e divulgación científica*



A investigación  
dá froitos

As universidades son espazos de mobilización de saberes na procura de mellorar a vida da sociedade en todas as súas dimensións. En consecuencia, como persoas que dedicamos unha parte relevante do noso tempo á investigación, debemos contribuir aos desafíos que este compromiso supón.

Xa que logo, alén das achegas que os grupos de investigación fan no eido do avance do coñecemento, cómpre un esforzo adicional na súa divulgación, para chegarmos ao conxunto da poboación e, así, poidamos recompensala polo seu esforzo no mantemento dun servizo público

como é no que desenvolvemos o noso día a día.

Esta divulgación do saber é, ademais, un baluarte imprescindible para a protección e a promoción da lingua galega. Porén, son escasas as ocasións nas que a universidade cumpre con esta responsabilidade.

Emporiso, a Universidade de Vigo dedícalle o ano 2020 á divulgación científica en lingua galega. A este respecto, agardamos que este calendario da Área de Normalización Lingüística, en colaboración coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación, axude a

unha dobre función: dar a coñecer ao que unha selección de grupos de investigación dedica o seu tempo e medios, e situar a lingua galega no centro da divulgación científica.

Agardamos polos froitos!

Carambola



“

*O que sabemos é unha pinga; o que ignoramos é o océano.*

Isaac Newton


”

**Oceanografía  
Biolóxica  
(CIM)**

# XANEIRO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

30	31	<b>1</b> Ano Novo	2	3	4	5
<b>6</b> Día de Reis	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	<b>28</b> San Tomé de Aquino	29	30	31	1	2



*Ecología  
Bacterias  
Fitoplancto  
Cambio global  
Océano*

## **Oceanografía Biolóxica (CIM)**

### **Investigadores/as**

Emilio Fernández Suárez  
Emilio Marañón Sainz  
Eva Teira González  
Beatriz Mouríño Carballido  
Cristina Sobrino García  
María Aranguren Gassis  
Sandra Martínez García  
Víctor Hernando Morales  
Marco Jabalera Cabrerizo  
Ana Fernández Carrera  
Marina Villamaña Rodríguez  
Vanessa Joglar Quesada  
Antonio Comesaña Davila  
Erick Delgadillo Nuño  
Cristina Fernández González  
Maidier Justel Díez  
Júlia Puig Fábregas  
Esperanza Broullón Mandado  
Cecilia Costas Selas  
Luís Paulo Alcaraz Rocha  
Alexandra Díaz Alonso  
Alberto Gutiérrez Barral  
María Pérez Lorenzo  
Antonio Fuentes Lema  
Diego Rial Conde  
Paloma Chouciño Vilela

[teira@uvigo.gal](mailto:teira@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

Os mares e os océanos ocupan un 70 % da superficie do noso planeta, e aproximadamente un 90 % da biomasa dos organismos que viven neles son microscópicos.

O grupo de Oceanografía Biolóxica estuda as interaccións entre os microorganismos que habitan os océanos e o seu ambiente, co fin de comprender a súa diversidade, os seus patróns de distribución e as súas respostas ante cambios ambientais, incluídos os causados pola actividade humana, como o quecemento

global, a acidificación ou o incremento da achega de nitróxeno e de fósforo aos océanos.

Prestámoslles especial atención ás microalgas, que compoñen o fitoplancto, responsables da metade da produción de materia vexetal do planeta e base das redes tróficas mariñas; e ás once bacterias, principais responsables da descomposición da materia orgánica nos océanos. Ambos os grupos desempeñan papeis cruciais na circulación da materia e na regulación do clima da Terra.



*Nada en bioloxía ten senso, agás a luz da evolución.*

Theodosius Dodzhansky



**Ecología Evolutiva e da Conservación: Ecoevo**

# FEBREIRO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25 Martes de Entroido (Ourense e Vigo)	26 Mércores de Cinza (Pontevedra)	27	28	29	1



*Ecoloxía forestal*  
*Ecoloxía evolutiva*  
*Ríos*  
*Odonatos*  
*Innovación*

**Ecoloxía  
Evolutiva e da  
Conservación:  
Ecoevo**

**Investigadores/as**

Adolfo Cordero Rivera  
María Calviño Cancela  
Maruxa Álvarez Jiménez  
Iago Sanmartín Villar  
Anais Rivas Torres  
Xosé Sobral Amoedo

[adolfo.cordero@uvigo.gal](mailto:adolfo.cordero@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

O grupo de Ecoloxía Evolutiva e da Conservación (Ecoevo), da Facultade de Ciencias Forestais no campus de Pontevedra, estuda os procesos ecolóxicos que teñen lugar no tocante a niveis xenéticos, individuais e nos ecosistemas, traballando fundamentalmente con organismos de augas doces e ecosistemas forestais.

Temos tres liñas de investigación, relacionadas coa ciencia pura (ou poesía!), como o estudo da evolución do comportamento, e varias de ciencia

aplicada (ou prosa!), que se centran na ecoloxía de pragas agroforestais, na conservación da biodiversidade, na ecoloxía forestal e na innovación.



Chirimola

“

*O presente é a chave do pasado.*

Charles Lyell

”

Oceanografía  
Xeolóxica e  
Bioxeoquímica  
(CIM)

# MARZO

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábado Domingo

24	25	26	27	28	29	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19 San Xosé	20	21	22
23	24	25	26	27	28 Reconquista de Vigo	29
30	31					

Xoves 19: Enxeñaría Industrial



*Paleoceanografía  
Paleoclimatoloxía  
Sedimentoloxía  
Estratigrafía  
Bioxeoquímica*

**Oceanografía  
Xeolóxica e  
Bioxeoquímica  
(CIM)**

**Investigadores/as**

Miguel Ángel Nombela Castaño  
Irene Alejo Flores  
Guillermo Francés  
Luis Gago Duport  
Marta Pérez Arlucea  
Paula Diz Ferreiro  
Rita González Villanueva  
Anxo Mena Rodríguez  
Carolina Gil Lozano  
Elizabeth Losa Adams

[mnombela@uvigo.gal](mailto:mnombela@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

O grupo de Oceanografía Xeolóxica e Bioxeoquímica (XM-1) caracterízase por ter, dentro da xeoloxía mariña, un marcado carácter multidisciplinario.

Neste grupo intégranse diversas liñas de investigación de diferentes ámbitos dentro das ciencias da terra, como o estudo dos sedimentos mariños, das variacións e a evolución da oceanografía e da climatoloxía ao longo da historia xeolóxica da terra, e os procesos e os ciclos bioxeoquímicos que nela se desenvolven. Estas liñas de investigación poden agruparse nunha liña

mestra xeral resumida no estudo da evolución do recheo sedimentario das bacías mariñas como resposta aos cambios ambientais e os seus ciclos bioxeoquímicos.

Para realizar este traballo, dentro do grupo observamos, modelizamos e obtemos indicadores que nos dan o guión para entender como funciona e funcionou o océano e os medios sedimentarios asociados a el ao longo da súa historia xeolóxica.

Estudar como varían e variaron os medios litorais (praias e esteiros), como

evoluciona e evolucionou o océano (a súa temperatura) e os medios sedimentarios que nel atopamos (os depósitos producidos polas correntes mariñas profundas), así como o propio funcionamento deste e dos seus ciclos, permítenos coñecer e modelizar a súa resposta cara a determinados cambios ambientais, como os cambios climáticos.

Desde un punto de vista conceptual, tamén intentamos comprender a formación do océano na Terra primitiva e a posible existencia de océanos estables noutros planetas como o caso de Marte.





*Un aldeán ruso díxolle a Gorki: «Vós, os intelectuais, quixestes voar como paxaros e voastes; quixestes nadar como peixes e nadastes; pero aínda non aprendestes a vivir encima da terra, como deben vivir os homes». Este aldeán dicía unha gran verdade. Aprendamos, pois, a vivir encima da terra, como homes; pero procuremos non rebaixar a nosa grandeza humana...*

*Calquera día aparece un inventor de ríos para facer pontes...*

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao



**Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia**

# ABRIL

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9 Xoves Santo	10 Venres Santo	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3

Domingo 5: Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias Empresariais e Turismo, Estudos Empresariais  
Domingo 26: Historia, Filoloxía e Tradución, Ciencias da Educación, Ciencias da Educación e do Deporte  
Mércores 29: Ciencias Sociais e da Comunicación



*Medio rural  
Desenvolvemento comunitario  
Transformación social*

**Economía  
Ecolóxica,  
Agroecoloxía  
e Historia**

**Investigadores/as**

María Jesús Facal Rodríguez  
María Blanca Martínez Domínguez  
María Teresa Fernández Vázquez  
Xavier Simón Fernández

[ecoecoagro@uvigo.gal](mailto:ecoecoagro@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

Dende o grupo de investigación de Economía ecolóxica, Agroecoloxía e Historia da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, no campus de Vigo, traballamos desde a universidade pública para entender que sucede no medio rural, como explicar o seu devalo e como definir estratexias para o seu desenvolvemento humano.

Entendemos que as solucións non poden vir do mesmo sistema que o está a destruír, que destrúe o medio rural e a sociedade no seu conxunto. Entendemos que a busca da

equidade entre territorios, países e xeracións debe ocupar un lugar central na toma de decisións políticas.

Desde a economía ecolóxica e a economía social defendemos unha profunda transformación do sistema económico e das súas principais institucións.



*Mentres o cerebro sexa un misterio, o universo seguirá sendo un misterio.*

Santiago Ramón y Cajal

**Neurobioloxía de Lampreas**




# MAIO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

27	28	29	30	1 Festa do Traballo	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17 Día das Letras Galegas
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Venres 1: Ciencias Xurídicas e do Traballo (Relacións Laborais)  
Luns 4: Belas Artes  
Martes 12: Enfermaría



*Lamprea  
Desenvolvemento e organización  
do cerebro  
Neuroanatomía comparada  
Conexións nerviosas  
Expresión xénica*

## **Neurobioloxía de Lampreas**

### **Investigadores/as**

Manuel Megías Pacheco  
Pilar Molist García  
Manuel Ángel Pombal Diego

[pombal@uvigo.gal](mailto:pombal@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

A lamprea é unha especie tremendamente curiosa, xa que presenta un ciclo de vida atípico dentro dos vertebrados. O máis salientable é que pasa a maior parte da súa vida (4-5 anos, incluso máis) como larva, vivindo soterrada no leito dos ríos. Durante todo ese tempo aliméntase por filtración e case non se move, polo que apenas medra. Despois dunha metamorfose, a etapa adulta é moi variable dependendo da especie, e unha boa parte delas son parasitas.

A lamprea é un modelo de estudo en varios campos da ciencia, e precisamente a evolución do cerebro dos vertebrados é un dos máis interesantes.

As lampreas actuais son o resultado da evolución dunha liñaxe animal separada doutros vertebrados hai máis de 500 millóns de anos, moito antes de que aparecesen os elasmobranquios e os peixes óseos, e desde entón evolucionou de forma independente. Crese que as lampreas non cambiaron moito ao longo da súa evolución, é dicir, que se asemellarían ao antepasado común de todos os vertebrados; polo tanto, estes animais teñen especial interese para tratar de entender como xurdiron e evolucionaron os diferentes órganos ou estruturas dos vertebrados modernos. Exemplos: a aparición das mandíbulas, a

evolución do cerebro, ou a xénese e a modulación do comportamento motor.

Aínda que a primeira vista a aparencia do cerebro dos distintos vertebrados é completamente diferente, sabemos que a súa organización interna é moi semellante en canto ás principais estruturas que posúen; é dicir, comparten un modelo común básico de organización celular, modelo que tamén é aplicable á lamprea. De feito, o noso grupo de investigación propuxo un novo paradigma para organizar unha parte do cerebro destes animais, o modelo prosomérico, un modelo amplamente aceptado na actualidade.



*Ao longo da historia, as tecnoloxías dunha xeración crearon problemas para a seguinte. Temos que atopar unha forma de manexar isto.*

Steve Rayner




**Grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible EQ2 (Cinbio)**

# XUÑO

Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24 San Xoán	25	26	27	28
29	30	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12



*Biorrefinaria  
Biomasa  
Building blocks  
Antioxidantes  
Prebióticos*

**Grupo de  
Biomasa e  
Desenvolvemento  
Sostible  
EQ2  
(Cinbio)**

**Investigadores/as**

Juan Carlos Parajó Liñares  
Herminia Domínguez González  
Valentín Santos Reyes  
José Luis Alonso González  
Andrés Moure Varela  
Remedios Yáñez Díaz  
M.<sup>a</sup> Dolores Torres Pérez  
Carlos Vila Babarro  
Sandra Rivas Siota  
Noelia Flórez Fernández  
Lucía López Hortas  
Patricia Pérez Larrán  
Lucía Penín Sánchez  
Beatriz Míguez Alonso  
Paula Rodríguez Seoane  
Xiana Rico Castro  
Mar López Rodríguez  
Vanesa Sanz Lloréns  
Milena Álvarez Viñas  
Natalia Delgado Reverter

[matorres@uvigo.gal](mailto:matorres@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

O grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible (EQ2) pertence ao Departamento de Enxeñaría Química da Facultade de Ciencias (campus de Ourense). Integra persoal investigador con formación diversa e complementaria en áreas científicas e tecnolóxicas.

A investigación do grupo céntrase no deseño de novos procesos para valorar os distintos compoñentes da biomasa vexetal e algal (polisacáridos, proteínas, minerais, lignina e compostos fenólicos), co obxectivo de obter produtos de elevado valor engadido para aplicacións das

industrias química, alimentaria, farmacéutica e cosmética. Búscase o aproveitamento integral de recursos renovables e infrautilizados ou considerados residuos.

Empréganse tecnoloxías emerxentes e de baixo impacto medioambiental combinadas en procesos multiproduto, segundo a filosofía das biorrefinarias de biomasa. Mantendo os criterios da economía circular, preténdese acadar rendibilidade económica e sustentabilidade en procesos con residuo cero.



*O coñecemento é navegar nun océano de incertezas a través dun arquipélago de certezas.*

Edgar Morin

**Grupo dx5  
digital & graphic  
art research**



# XULLO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

29	30	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11 San Bieito (Pontevedra)	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25 Día Nacional de Galicia	26
27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9



*Campo expandido  
Libro de artista  
Gráfica contemporánea  
Diseño consciente  
Banda deseñada*

**Grupo dx5**  
**digital & graphic**  
**art research**

**Investigadores / as**

Ana Soler Baena  
Almudena Fernández Fariña  
Anne Heyvaert  
Elena Lapeña Martínez  
Marina Núñez Jiménez  
José Andrés Santiago  
Susana Cendán Caaveiro  
Tatiana Lameiro González  
Teresa Ferreiro Peleteiro

[grupodx5@uvigo.gal](mailto:grupodx5@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

Desde os seus comezos no ano 2004, o grupo de investigación dx5 especializouse na arte contemporánea de campo expandido, priorizando un triplo enfoque da investigación nas belas artes, en que se mesturan teoría fundamental, análise científica e praxe artística. Nos primeiros anos, movidos por unha idea transdisciplinaria da obra de arte gráfica, o noso traballo centrouse na procura e na achega de novos instrumentos e estratexias neste campo, adaptando e optimizando sistemas e procesos contemporáneos de maquinaria industrial (fotopolímeros, láseres,

fresas ou plóters) que permitisen definir novas contornas artísticas, solucionar inconsistencias herdadas de prácticas anteriores e afondar no que significa a obra múltiple neste terceiro milenio.

Nos últimos anos, as nosas liñas de investigación e proxectos véñense multiplicando, tratando temas tan dispares como a complexidade e a sustentabilidade na arte e no deseño contemporáneos, a redefinición e a evolución do libro de artista como medio, a pintura expandida, ou as imbricacións da banda deseñada e da animación con outras

manifestacións artísticas do noso tempo, entre outros. Así, a pesar da heteroxeneidade das propostas e das solucións presentadas, cabe destacar que estas sempre se formulan desde a perspectiva das humanidades: a arte é sempre o noso punto de partida, así como o noso fin.





“

*Na miña opinión, todo o que se precisa para ter fe é crer que facéndoo o mellor que podemos chegaremos máis preto do éxito, e que o éxito no noso propósito (a mellora do conxunto da humanidade presente e futura) paga a pena... Eu manteño que a fe neste mundo é perfectamente posible sen necesidade de ter fe noutro mundo.*

Rosalind Franklin

”

**Ecotoxicoloxía e Contaminación Mariña: Ecotox (CIM)**

# AGOSTO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

27	28	29	30	31	1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15 Día da Asunción	16 San Roque (Vigo)
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31	1	2	3	4	5	6



*Contaminación  
Ecología  
Mar  
Recursos mariños*

**Ecotoxicología  
e Contaminación  
Mariña: Ecotox  
(CIM)**

**Investigadores/as**

Ricardo Beiras  
Óscar Nieto  
Inés Viana  
Laura Emilia Fernández  
Pedro Campoy López  
Alexandre Martínez Schönemann  
Mar González

[rbeiras@uvigo.gal](mailto:rbeiras@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

Somos un equipo de investigación en Ecotoxicología e Contaminación Mariña pertencente á Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo. A ecotoxicología estuda os efectos dos contaminantes sobre os ecosistemas de xeito análogo a como a toxicología estuda os efectos dos venenos sobre o ser humano.

Desde o ano 1996 traballamos na recompilación de información que achegue fundamentos científicos para elaborar criterios e normas ambientais útiles para a protección do noso mar. Estes criterios serven para saber se un mar está contaminado, que

tipo de contaminación ten, e como se pode remediar o problema. Podes consultar esa información para a costa galega en [ecotox.gal/gl/visorcartografico](http://ecotox.gal/gl/visorcartografico).

Os nosos laboratorios están situados na Facultade de Ciencias no campus de Vigo, e na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Ecimat), un centro de elite internacionalmente coñecido polas súas instalacións a pé de mar para o traballo científico que recibe visitantes de toda Europa: [cim.uvigo.gal/ecimat/](http://cim.uvigo.gal/ecimat/).

Si, Galicia é unha potencia en ciencia mariña.

Quen nos financia? Basicamente os organismos públicos con competencias en xestión ambiental a través de convocatorias competitivas: a Unión Europea, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, e a Xunta de Galicia.



Tomate de árbore

“

*A pesar do papel relevante dos fungos nos ecosistemas do mundo e nas sociedades humanas, pouco se sabe sobre os patróns xerais da súa diversidade, da súa distribución e da súa función nos biomas terrestres.*

Luis Villareal-Ruiz

”

**Bioloxía Ambiental 2,  
Laboratorio  
de Micología**

# SETEMBRO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

31	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	1	2	3	4

Mércores 23: Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo  
Martes 29: Enxeñaría de Telecomunicación



*Macromicología  
Cogomelos  
Plantas aromáticas e medicinais  
Aproveitamento forestal*

**Biología Ambiental 2,  
Laboratorio  
de Micología**

**Investigadores/as**

Marisa Castro  
María Cabaleiro  
Paula Estévez  
Hugo Fernández-Ricón  
Andrés Cordeiro  
Gabriel Pérez-Torrón (colaborador)  
Mauro Ferreiro (colaborador)

[lcastro@uvigo.gal](mailto:lcastro@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

O equipo de Micología, integrado no grupo Biología Ambiental 2 da Universidade de Vigo, dedícase ao estudo e ao coñecemento dos fungos produtores de cogomelos (macromicetos), tanto desde o punto de vista de catalogación, clasificación e autoecoloxía (taxonomía) coma no relacionado cos usos ancestrais, presentes e futuros destes seres vivos en Galicia, co fin de desenvolver un aproveitamento sustentable no mundo forestal galego.

Recentemente, comezou co asesoramento para realizar este mesmo tipo de aproveitamento

para plantas aromáticas e medicinais. Investigacións que tamén desenvolve a *spin-off* asociada ao grupo, MycoGalicia Plantae SL.



*A saúde é o estado de benestar físico, mental e social que nos permite funcionar ben no día a día no medio en que vivimos e traballamos, desenvolvendo o propio potencial persoal, respondendo de xeito positivo aos problemas do ambiente, e sendo produtivos e construtivos na sociedade en que vivimos.*

Organización Mundial da Saúde

**Medicina e  
Saúde Pública**



# OUTUBRO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12 Día da Hispanidade	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	1



*Promoción da saúde  
Saúde pública  
Estilos de vida  
Factores de risco  
Protección ambiental*

### **Medicina e Saúde Pública**

#### **Investigadores/as**

Lourdes Maceiras García  
Dionisio García Pomar  
M.<sup>a</sup> Elena Padín Iruegas

#### **Colaboradores/as**

Carmen M.<sup>a</sup> Cadarso Suárez  
Karen Joan Duncan Barlow  
José Ramón Estévez Pérez  
Xurxo Lamas Bértolo  
Ludwing N. Macz Pop  
Xosé Martín Montero Santalla  
Olga Poza Magdalena  
Ángel Segovia Largo

[lurdesmg@uvigo.gal](mailto:lurdesmg@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

O grupo de investigación de Medicina e Saúde Pública da Facultade de Fisioterapia do campus de Pontevedra dedícase á promoción da saúde e á prevención de problemas que afectan a nosa saúde física, mental e social, e os aspectos relacionados coas enfermidades máis persistentes na nosa sociedade (reumáticas, cardiovasculares, cancro...).

Tamén traballa sobre medios para manter a boa saúde ao noso alcance e no noso medio, como as nosas augas mineromedicinais.



*A lingua de signos está chea de plasticidade e beleza e é capaz de crear a maxia da poesía e de envolver as persoas nun mundo onírico cheo de imaxes fantásticas.*

Oliver Sacks



**Grupo de Investigación de Lingua Española e Linguas Signadas (Griles)**

# NOVEMBRO

Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo

26	27	28	29	30	31	1 Todos os Santos
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11 San Martiño (Ourense)	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Domingo 15: Bioloxía, Ciencias do Mar, Química, Ciencias  
Sábado 27: Maxisterio



*Descrición lingüística  
Comunicación multimodal  
Accesibilidade  
Educación inclusiva  
Corpus de lingua de signos*

### **Grupo de Investigación de Lingua Española e Linguas Signadas (Griles)**

#### **Investigadores/as**

Inmaculada C. Báez Montero  
Ana M.<sup>a</sup> Fernández Soneira  
Eva Freijeiro Ocampo  
María Suárez Rodríguez  
Sandra Pereira González  
Beatriz Longa Alonso

[griles@uvigo.gal](mailto:griles@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

A experiencia investigadora do noso grupo comezou no ano 1997.

Traballamos fundamentalmente en lingua de signos española (LSE) e en lingua española. Griles ten xa un longo percorrido lingüístico teórico e unha ampla experiencia investigadora tanto no eido da descrición lingüística coma no das aplicacións didácticas, a adquisición de linguas ou a tradución.

Propómonos tamén desenvolver as bases teóricas e metodolóxicas necesarias para o ensino das linguas de signos (LS) como L1 para as persoas xordas e L2 para as persoas

oíntes. As nosas liñas de traballo principais son as seguintes:

- Didáctica das linguas, ensinanza e aprendizaxe de linguas: español e LSE
- Segundas linguas para persoas xordas e para oíntes
- Asesoría lingüística de LSE e de lingua española
- Subtitulación para persoas xordas e hipoacúsicas e para fins didácticos
- Edición de textos en LSE, lingua oral e subtitulación
- Comunicación xestual
- Tradución á LSE e da LSE
- Lingüística de corpus en lingua de signos

Griles confórmase, xa que logo, como un grupo cuxos traballos buscan o avance do coñecemento lingüístico, a través dunha exhaustiva descrición e da análise da lingua de signos española, pero tamén apostan pola transferencia de coñecemento coa aplicación da nosa investigación a contextos educativos, tradutolóxicos, sociolingüísticos, neurolingüísticos...

O obxectivo último do noso grupo é contribuír a mellorar o status da LSE na sociedade e o recoñecemento da LS como lingua natural da comunidade xorda.





“

*Consultar co/coa profesional da estatística cando o experimento xa rematou é a miúdo como simplemente pedirlle que faga un exame post mortem: quizais poida dicir de que morreu o experimento.*

Ronald A. Fisher

”

**Inferencia Estatística, Decisión e Investigación Operativa: SiDOR (Cinbio)**

# DECEMBRO

**Luns      Martes      Mércores      Xoves      Venres      Sábado      Domingo**

30	1	2	3	4	5	6 Día da Constitución
7	8 Día da Inmaculada	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25 Nadal	26	27
28	29	30	31	1	2	3



*Inferencia estatística*  
*Bioestatística*  
*Teoría de xogos*  
*Macrodatos (big data)*  
*Soporte lóxico (software)*  
*Investigación de operacións*

**Inferencia  
Estatística,  
Decisión e  
Investigación  
Operativa:  
SiDOR  
(Cinbio)**

**Investigadores/as**

Jacobo de Uña Álvarez  
María Carmen Iglesias Pérez  
María Celia Rodríguez Campos  
Juan Carlos Pardo Fernández  
Javier Roca Pardiñas  
María Gloria Fiestras Janeiro  
María Estela Sánchez Rodríguez  
Jose Vicente Novegil Souto  
Tomás R. Cotos Yáñez  
Ana Pérez González  
Manuel A. Mosquera Rodríguez  
Alejandro Saavedra Nieves  
Nora Martínez Villanueva  
Natalia Pérez Veiga  
Nadine H. Espinoza Burgos  
Iago Núñez Lugilde  
Susana Rafaela Martins  
María Jesús Longa Sayáns  
Abelardo E. Monsalve Cobis

[sidor@uvigo.gal](mailto:sidor@uvigo.gal)

# EN GALEGO!

*Investigación e divulgación científica*

O grupo SiDOR, composto na actualidade por máis de trinta membros, é o único grupo de investigación do sur de Galicia especializado en estatística e investigación de operacións, campo de coñecemento que se ocupa da modelización matemática para a toma de decisións baixo incerteza.

Este campo é fundamental para desenvolver o coñecemento científico e o crecemento cultural da sociedade. As técnicas estatísticas e da investigación de operacións aplícanse na biomedicina, na economía, na bioloxía, nas ciencias mariñas e

medioambientais, na enxeñaría ou na industria en xeral, tocando ámbitos como a saúde, a enerxía, a automoción, o turismo ou o deporte.

Hoxe en día, os avances tecnolóxicos e a evolución das tradicionais canles de comunicación sitúan a sociedade na era dixital dos macrodatos (*big data*) e da industria 4.0. Neste contexto, as e os profesionais da estatística e da investigación de operacións afrontan novos retos; por exemplo, a extracción da información relevante contida en grandes bases de datos xerados en tempo real por sistemas

intelixentes como sensores, teléfonos intelixentes etc.

O equipo investigador de SiDOR traballa no deseño e na mellora dos métodos estatísticos para darlles resposta eficaz ás demandas do momento actual. Este traballo concéntrase en proxectos de investigación básica, transferencia de coñecemento aos eidos empresarial e industrial e na organización de actividades de formación e difusión.

## **ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (ANL)**

O galego é un dos idiomas oficiais de uso normal na universidade e nas administracións galegas, e temos un compromiso co proceso de normalización, recuperación e dinamización da lingua galega. A Área de Normalización Lingüística é a unidade de traballo da Universidade de Vigo encargada de promover e darlle soporte técnico ao proceso de extensión do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos.

Esta área desenvolve accións destinadas a mellorar e a incrementar o uso da lingua galega e

a dotala de prestixio en todos os ámbitos tendo en conta as necesidades do alumnado, do persoal de administración e servizos (PAS) e do persoal docente e investigador (PDI). Entre as súas funcións tamén están organizar e impartir cursos de lingua galega para os membros da comunidade universitaria; informar e asesorar permanentemente todos os órganos da universidade no referente ao uso do galego; corrixir, por instancia do órgano competente, os documentos e os escritos oficiais; ademais de canalizar as relacións con entidades extrauniversitarias relacionadas coa lingua galega.

### **Quen somos?**

Fernando Ramallo Fernández  
*Director*

Eva María Castro Figueiras  
*Técnica superior*

María Cristina Rodríguez Ricart  
*Técnica superior*

### **Onde estamos?**

Facultade de Filoloxía e Tradución  
Edificio Newton  
Primeiro andar, porta 15  
Campus de Vigo  
Tel.: 986 813 574  
anl@uvigo.gal  
uvigo.gal/campus/lingua

